

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/48-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE A GUARDA
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE PERCEBE
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	A PÉ

Especies	Percebe (<i>Pollicipes pollicipes</i>)
Ambito do plan	De Punta Orelludas a Punta dos Picos
Subzonas de explotación	Zona A: dende Punta Orelludas ata Pedra do Forno. Zona B: Dende Pedra do Forno ata Punta Pescadoira. Zona C: Dende Puntal Sarrido ata Punta dos Picos

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
48	-	-
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	140 (Ver consideracións)											
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	De xaneiro a decembro.											
Modalidade⁽³⁾: A pé												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura	
Especies	A pé (kg/mariscadora/día)
Percebe	4 kg, excepto en Semana Santa, xullo, agosto e decembro que sería de 5 kg. 10 kg (nos días destinados ao proxecto "Xestión integral da pesqueira do percebe")

Artes a empregar	Rasqueta segundo o Decreto 424/1993
-------------------------	-------------------------------------

Puntos de control	Zona A: Tío Rincho, Zona B: río Covo, Zona C: Horizonte e lonxa da Guarda.
Puntos de venda	Lonxa da Guarda

Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
Sementeiras												
Zonas:												

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
		X		X		X				X		
Zona A: dende Molla Cú ata Pedra do Forno, excepto As Leiriñas e Puntal Coroná, zona B: Salgueiros, Pedra do Can, A Vela, O Conchal, Esperanza e Punta Pescadoira, e zona C: dende Puntal Sarrido ata Os Caldeiros (excepto Puntal Sarrido)												
Especies: Percebe												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: no plan achégase un listado con 51 permex a pé. Segundo os datos da Consellería do Mar o número de permisos en vigor é de 48 indicándose que no plan están incluídas as seguintes persoas que non renovaron o seu permiso:

Calendario: O número de días máximos autorizados redúcese a 140, para axustar ao calendario real de anos anteriores. A maiores destes, poderán adicar 4 días de actividade ao proxecto “Xestión integral da pesqueira do percebe”, que non serán coincidentes cos días de actividade extractiva “habitual”.

Cotas máximas de captura: As cotas son as establecidas na ficha. Durante os 4 días de traballo destinados ao proxecto “Xestión integral da pesqueira do percebe” poderán extraerse 10 kg/mariscadora/día de percebe alongado. As subzonas de explotación do percebe alongado son:

- de Molla Cu ata abaixo Homiño (zona A)
- de laxe do Barco ata porto Basureiro (zona C)

Talla mínima: establécese, como medida interna, una talla mínima de lonxitude total do percebe en 2,5 cm, respectándose sempre e, en todo caso, a talla mínima legal establecida na Orde do 12 de xuño de 2009, pola que se modifica a Orde do 15 de novembro de 1992, pola que se regulan os tamaños mínimos de extracción e comercialización de diversas especies de peixes, moluscos, crustáceos e equinodermos. Dita medida, cando se decida aplicar, deberá indicarse na correspondente resolución de apertura do departamento territorial en Vigo.

Cando a agrupación pretenda pechar á extracción nunha parte dunha zona de produción que está autorizada, deberá solicitálo á xefatura territorial, que é o órgano competente para autorizar o exercicio da actividade que se desenvolve no marco dun plan de explotación.

Cando os descartes de percebe resultado de limpezas e rareos se pretendan comercializar en centros autorizados, deberá cumprirse a normativa vixente en canto a extracción e comercialización de produtos pesqueiros, é dicir respectar as tallas mínimas legais, os días e horarios laborais, etc; exceptuando os topes de captura se así o contempla o informe técnico emitido ao efecto.



Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente ao departamento territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

O plan de explotación para recursos marisqueiros non é unha ferramenta de xestión destinada a regular a explotación da semente de mexillón, polo que non procede incluír no plan o regulamento para a xestión da mexilla. A extracción de mexilla está regulada pola Orde de 26 de outubro de 2000, permitindo dúas modalidades de extracción: ben polos propios concesionarios ou ben por acordo suscrito coas confrarías de pescadores ou agrupacións de mariscadores. Polo tanto, é no marco da aprobación do acordo suscrito e decisións internas dos órganos competentes da entidade donde deben contemplarse as normas de traballo desta actividade.

Recomendacións, para a mellora do plan:

- revisar xunto coa axente de extensión sobre as normas establecidas para os días de extracción específica de percebe alongado, xa que se dubida da súa legalidade
- revisar as normas de traballo co obxecto de recoller todos aqueles aspectos de interese para o colectivo e evitar conflitos entre os participantes no plan.